

Xestionado por [Vieiros](#)

Na procura de novas voces literarias

Elena Veiga e Andrea Maceiras, finalistas do Premio Biblos 2010

A escritora Fina Casalderrey será a titora que axude a finalizar a obra da gañadora do certame que organizan Biblos e Pazos de Galicia.

Redacción - 12:15 14/05/2010

Morto en fucsia, de Elena Veiga Rilo, e *A caixa da memoria* de Andrea Maceiras Lafuente, son os proxectos de obra literaria en proceso que abrollaron como finalistas do Premio Biblos-Pazos de Galicia nesta súa edición 2010. Así o decidiu o xurado, integrado pola que será titora da gañadora, Fina Casalderrey; por Pablo García Martínez como autor galardoado na anterior edición, e por Tucho Calvo en representación da editorial [Biblos Clube de Lectores](#).

O fallo desta sexta edición do certame coñecerase a mediados de xullo na tradicional cea literaria da Casa Grande do Bachao. Andrea Maceiras Lafuente (6-11-1987), de Pravio-Cambre, é licenciada en Filoloxía Hispánica e estuda mestrado para Ensino Secundario e Filoloxía Galega na Universidade da Coruña. Elena Veiga Rilo (17-1-1991), de Guísamo, é estudante de primeiro de Filoloxía Galega tamén na Universidade da Coruña.

- Entrevista en Vieiros con Pablo García Martínez, gañador da anterior edición do premio: ["Quería escribir dunha xeración que manexa as novas tecnoloxías e á vez contempla o asasinato do agro"](#)